

Xustificación


A necesidade de elaboración deste plan nace do obxectivo de mellorar o éxito educativo do centro, o cal vai estreitamente ligado a necesidade de crear no mesmo un espazo de participación e de relación positiva entre todos as persoas que integran a comunidade educativa. Para conseguilo, buscamos ensinar máis alá do puramente académico; noutras palabras, queremos educar nas emocións.

Unha axeitada educación emocional é importante, non so para mellorar os resultados académicos, senón tamén para crear un espazo coeducativo, mellorar a convivencia no centro, asegurar un desenvolvemento persoal axeitado... Pero ademais de razóns educativas, tamén hai numerosas mencións na nosa lexislación a este aspecto. Dende a vixente Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación; ata a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de Convivencia e participación na comunidade educativa; a axeitada educación emocional é un dos obxectivos primordiais nas distintas etapas do noso sistema educativo.

Análise do contexto

No caso do noso centro, falamos dun CEIP de 5 unidades mixtas, cun número total de 60 alumnos e alumnas. Os grupos de alumnado actualmente están organizados do seguinte xeito:


- Unha aula con alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil.
- Unha aula con alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.
- Unha aula con alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.
- Unha aula con alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria.
- Unha aula con alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.



Este tipo de agrupamento, ao noso parecer, supón tanto unha fortaleza como unha oportunidade; pois os nenos e nenas coñecen e comparten aula cos nenos de maior e menor idade que eles dende a mesma Educación Infantil. Ao tratarse dun mesmo grupo de idades mixtas, establecen relación como iguais, sen diferenzas de idade, creando así un sentido de pertenza dende os primeiros anos. Deste xeito a escola convértese nun espazo onde practicamente todos os nenos e nenas coñécense entre eles e elas, pois ademais a escola está situada nun concello pequeno (Campo Lameiro), onde moitas veces comparten espazos alleos a escola.

Así chegamos ao que pode ser unha debilidade, que é que en ocasións, os grupos son tan pechados, que ante a chegada de alumnado novo ao centro pódense crear situacións de dificultade para integrarse. A isto temos que sumar que nas idades as que facemos referencia, é moi habitual que se produzan situacións de conflito por distintos motivos, propiciados pola impulsividade ou escasas habilidades sociais inherentes a forma de ser dalgúns nenos e nenas.

No referido a situación de convivencia no noso centro, nos últimos cursos non se presentaron problemas graves de aprendizaxe; pero si faltas leves nas que observamos un certo patrón que se repite. Ditas faltas están relacionadas con alumnos e alumnas que, ante a súa incapacidade para relacionarse de forma axeitada cos seus compañeiros e compañeiras, recorren ao insulto ou burla; e incluso situacións que eles entenden como “bromas”, sen valorar como estas poden afectar aos demais. Segundo o analizado, cremos que parte do problema nace dunha profunda falta de empatía, ou incapacidade de poñerse no lugar dos demais; ademais de amosar unha falta evidente de habilidades sociais. Tamén observamos que, cando intentamos falar con estes alumnos e alumnas ao producirse estes conflitos, estes non son capaces de comunicar de forma aberta os seus pensamentos e/ou emocións, o cal dificulta unha intervención efectiva nestes casos.




Sabemos que non podemos rematar cos conflitos, e tampouco é o que buscamos, xa que estas situacións rematan por ser enriquecedoras e educativas cando sabemos conducilas de forma axeitada. Queremos dotar os nosos alumnos e alumnas de ferramentas necesarias para afrontar esta clase de situacións con seguridade, sen comprometer a súa autoestima e sendo plenamente conscientes de como se sintan tanto eles mesmos, como o resto de persoas implicadas.

Obxectivos


Os obxectivos que agardamos acadar coa posta en práctica da nosa iniciativa son os seguintes:

- Concienciar a comunidade escolar e a contorna na importancia dunha axeitada educación emocional.
- Mellorar o éxito académico a través da creación dun mellor ambiente de convivencia no centro escolar.
- Desenvolver as habilidades para o coñecemento, identificación e expresión das emocións propias e alleas.
- Previr actitudes que teñan efectos negativos na convivencia do centro escolar.
- Formar e dotar de ferramentas ao profesorado para guiar ao alumnado no ámbito da educación emocional.



Medidas e temporalización

1º Trimestre – “Identificamos emocións...”		
Título da actividade	Descrición	Temporalización
...na nosa biblioteca”	<ul style="list-style-type: none"> Habilitamos un espazo na biblioteca da escola sobre as emocións, onde se levarán a cabo lecturas de contos desta temática. Elaboramos unha taboa periódica de emocións e un diccionario de emocións que elaboraremos entre todos os cursos. 	Outubro
...con moita imaxinación”	<ul style="list-style-type: none"> Asignamos un libro por aula a través do que traballaremos as emocións. Ampliamos o coñecemento sobre emocións relacionadas co medo a través do Samaín. 	Novembro
...con agarimo”	<ul style="list-style-type: none"> Traballamos as emocións dende o teatro, tanto como espectadores como protagonistas. 	Decembro
2º Trimestre – “Xestionamos emocións...”		
...cunha corchea e unha tixola”	<ul style="list-style-type: none"> Programamos e poñemos en práctica sesións de educación emocional cunha especialista no centro. 	Xaneiro



	<ul style="list-style-type: none"> Traballamos as emocións dende o movemente e a danza 	
...baixo a choiva”	<ul style="list-style-type: none"> Facemos un agasallo e resaltamos unha cualidade positiva dos nosos compañeiros e compañeiras por San Valentín. 	Febreiro
...coa nosa familia”	<ul style="list-style-type: none"> Organizamos charlas coas familias con temáticas de xestión emocional de interese para eles, como a xestión da frustración. 	Marzo
3º Trimestre – “Expresamos emocións...”		
...para sentirnos mellor”	<ul style="list-style-type: none"> Polo Día do Bico, habilitamos un espazo cunha cámara onde daremos un bico aos compañeiros e compañeiras que queiramos para elaborar un video recopilatorio e traballar o amor. 	Abril
...facendo ben a outros”	<ul style="list-style-type: none"> Habilitamos un espazo denominado “ambiente de benestar”, onde o alumnado poida acudir a expresar como se sinte de forma libre e autónoma. 	Maio
...con moita arte e un sorriso”	<ul style="list-style-type: none"> Expresamos as nosas emocións a través de distintos materiais de expresión artística e audiovisual, clasificando e expoñendo o resultado final nunha “galería de emocións” no centro como produto final. 	Xuño




Implicación das familias e asociación

As familias teñen un papel clave no noso programa de educación emocional. Aínda que podemos intentar educar este ámbito na escola, e clave que na casa se leve a cabo unha continuación deste traballo para ver resultados. De ahí que entre as actividades contemplemos a planificación de charlas formativas para pais e nais. En función do resultado e éxito das mesmas, plantexamos tamén a posible creación dunha ENAPA (Escola de Nais e Pais), onde as familias poidan compartir experiencias e aprender a través da posta en común.

Pero o papel das familias non o reducimos a formación, tamén poderán ter un papel activo no noso proxecto colaborando en actividades como as lecturas de contos, obradoiros de xestión de emocións a través da posta en práctica de técnicas como a papiroflexia, moldeado, confección...

Colaboración da administración local

Como xa comentamos nas actividades, a nosa idea é poder colaborar coa biblioteca do noso concello, abrindo así a escola a contorna, ademáis de promovendo a lectura e uso deste espazo por parte dos nosos alumnos e alumnas. Pero a biblioteca non vai ser o único recurso local co que imos colaborar, tamén contamos coa axuda da técnica do noso concello en habilidades sociais e emocionais; que como todos os cursos impartirá formación tanto para familias, como alumnado e profesorado para adquirir coñecementos cada vez máis específico no terreo das emocións.



Necesidade de novos recursos

Para abordar esta temática desde un punto de vista, non so didáctico, senon lúdico ao mesmo tempo, queremos renovar o material tanto das aulas como da biblioteca no que as emocións fai referencia. Por tanto, o material que queremos adquirir son: contos e outros libros sobre emocións, xogos de mesa, material para os obradoiros, recursos humanos necesarios para impartir os cursos que queremos ofrecer... e como é de agardar, tamén necesitaremos os recursos necesarios para ir cos nenos e nenas ao teatro ou outras actividades complementarias que requirán desprazamento a outro concello, e que podan reforzar as aprendizaxes que estamos a levar na escola.

Proceso de seguimento e avaliación

Sendo este un proxecto que vaise levar a cabo en colaboración coa comisión de convivencia, o seguimento e avaliación do mesmo vai correr a cargo de dito órgano. O principal instrumento que utilizaremos será a observación das conductas e formas de relacionarse do alumnado; e o rexistro das mesmas para a súa análise posterior por parte da comisión. Deste xeito, as propias incidencias que sucedan, poderán servírnos de guía sobre as temáticas de educación emocional nas que máis debemos centrarnos: empatía, control da frustración, xestión da ira, superación de medos...

Pero sen duda, o mellor xeito de avaliar o éxito do programa vai vir directamente das persoas as que vai dirixida: os nosos alumnos e alumnas. Rematadas as actividades, levaremos a cabo unha enquisa adaptada as diferentes idades, para que o alumnado poida opinar sobre qué actividades lles gustaron, que xogos non lle convenceron, que repetirían e que non... O cal tamén nos servirá para continuar traballando e reforzando a súa autoestima, amosando que valoramos a súa opinión e que son escoitados; sendo como mestres e mestras exemplo do que pretendemos ensinar.



Indicadores de logro

	Sí	Non
Reduciuse a cantidades de conflictos entre alumnado no centro con respecto aos datos do curso anterior.		
A posta en práctica das actividades axudou a mellorar o rendemento académico do alumnado.		
O alumnado deu uso aos coñecementos adquiridos ao longo do proxecto.		
O profesorado recibiu formación axustada a temática traballada.		
As familias amosáronse colaborativas ao longo do proceso e participaron das actividades ofertadas.		
Os recursos utilizados foron os axeitados para facilitar o proceso.		